

**MEMORIA DO
DEPARTAMENTO DE
XEOGRAFÍA E HISTORIA
CURSO 2022-2023**

IES SANTA IRENE

ÍNDICE

	PÁX.
1. Composición do departamento (2022-2023): cursos e materias impartidas	2
2. Consideracións xerais	2
3. Desenvolvemento da programación	3
4. Resultados por cursos e materias	7
5. Alumnado con materias pendentes	12
6. Actividades complementarias e extraescolares	13
7. Plan lector	15

1. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO (2022-23): CURSOS E MATERIAS IMPARTIDAS

A distribución de profesores materias e grupos foi a seguinte:

PROFESOR	MATERIAS E CURSOS	GRUPOS	HORAS
Ana Díaz Amigo	Historia de España de 2º Bacharelato	3	18
	Xeografía e Historia de 3º ESO	3	
Leonor Giménez Fenández	Xeografía e Historia de 2º ESO	1	20
	Xeografía e Historia de 3º ESO	3	
	Xeografía 2º de Bacharelato	2	
Ana Canzobre Rama (Xefa de Departamento)	Hª do Mundo Contemporáneo 1º de Bacharelato.	3	21
	Historia de España 2º de Bacharelato	2	
	Xefatura de Departamento	3	
Immaculada Peniza González	Historia da Arte 2º Bacharelato	2	17
	Ciencias Sociais 4º de ESO	3	
Rubén López Verísimo Comparte con Lingua Castelá	Ámbito Social III da ESA (nocturno)	1	14
	Hª do Mundo Contemporáneo 1º de Bacharelato (nocturno)	1	
	Historia de España 2º de Bacharelato (nocturno)	2	
Ruth Fernández Barrigüete	Historia da Arte 2º Bacharelato (nocturno)	1	8
	Historia da Arte 2º Bacharelato (nocturno)	1	
	Ámbito Social IV da ESA (nocturno)	1	
	Xeografía e Historia de 2º ESO	2	

2. CONSIDERACIÓNS XERAIS

O curso 2022-2023 puido desenvolverse con total normalidade, aínda que o comezo presentou numerosas dificultades pola necesidade de incorporar as novidades que esixe a LOMLOE e pola intensa carga horaria da maioría dos profesores do departamento que lles obrigou a impartir numerosos cursos, co esforzo de traballo que iso supón e o pouco tempo que tivemos polo adianto do inicio do curso.

Cabe destacar a presenza de dous profesores en prácticas Rubén López Verísimo e Ruth Fernández Barrigüete que se adaptaron sen dificultades ao noso instituto e superaron o período de prácticas sen dificultade.

Compre reseñar a importancia que o profesorado do departamento deu este curso ás actividades complementarias e extraescolares (detalladas no punto 6) e a colaboración entre todos os membros para levalas a cabo.

3. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN

QUENDA DE DIURNO

1º DE ESO. CIENCIAS SOCIAIS. XEOGRAFÍA E HISTORIA

A falta de ordenadores ABALAR nas aulas dificultou a tarefa docente e supuxo limitacións á hora de traballar procedementos na materia, sobre todo na parte de xeografía. Para paliar este problema estableceuse unha hora semanal na aula de informática.

- **1ª avaliación.** Os temas impartido foron Tema 1: A terra, o medio físico, Tema 2: A Auga no mundo e o Tema 3: Tempo e Clima.
- **2ª avaliación.** Desenvolveuse o Tema 4: As paisaxes e climas do Mundo Tema 5: As paisaxes e climas de España Tema 6: As paisaxes e climas de Galicia Tema 7: A prehistoria.
- **3ª avaliación.** Cumpriuse o programado do Tema 8: Exipto e Mesopotamia, Tema 9: Grecia, Tema 10: Roma, Tema 11: Cultura clásica grega e romana e o Tema 12: Os pobos prerromanos da Península Ibérica. ao 11.
- **Avaliación Final.** Realizáronse actividades de reforzo-recuperación baseadas nas actividades que se foron facendo ao longo do curso.

2º DE ESO. CIENCIAS SOCIAIS. XEOGRAFÍA E HISTORIA

- **1ª Avaliación.** Dedicouse aos temas: Caída do Imperio Romana, a división política e as invasións xérmánicas, O Imperio carolinxio e as orixes do feudalismo, As orixes do Islam e a súa expansión (A conquista musulmá da Península Ibérica e a formación de Al-Andalus). Só en 2ª C o ritmo foi un pouco máis lento polas dificultades que presenta o grupo.
- **2ª Avaliación.** Desenvolvéronse a Unidade 3: A Europa feudal, a unidade 5: Cultura e arte do Románico, unidade 8: A cultura e arte do Gótico e unidade 6: As cidades da Europa medieval.

- **3ª Avaliación.** Traballáronse ata unidade 7 e Introducción á Xeografía: España e Galicia.
- **Avaliación Final.** Realizáronse actividades de reforzo-recuperación baseadas nas actividades que se foron facendo ao longo do curso.

3º DE ESO. CIENCIAS SOCIAIS. XEOGRAFÍA E HISTORIA

Como é habitual en anos anteriores, neste curso cumpriuse por completo a programación.

- **1ª avaliación.** Avanzouse según o previsto (temas 1- 4)
- **2ª avaliación.** Segundo o previsto (temas 5 e 6)
- **3ª Avaliación.** Completáronse os temas 7, 8, 10 e 11.
- **Avaliación Final.** Realizáronse actividades de reforzo-recuperación baseadas nas actividades que se foron facendo ao longo do curso.

4º DE ESO. XEOGRAFÍA E HISTORIA

O temario de 4º de ESO, pola amplitude que o caracteriza, é dificilmente abarcable e por iso, como en anos anteriores, foi complicado cumprir a temporalización programada.

- **1ª avaliación.** Con bastante retraso, debido ao PILI Vigo. Só entraron na avaliación os dous primeiros temas, aínda que practicamente se remataron o 3 e 5. O T. 4 será obxecto do traballo do 2º trimestre, que farán no Nadal.
- **2ª avaliación.** Traballáronse os temas 5, 6, 7 cun lixeiro retraso co previsto na programación.
- **3ª avaliación.** Completado hasta Guerra Fría inclusive. (bloques 1-7 dos contidos.)
- **Avaliación Final.** Realizáronse actividades de reforzo-recuperación baseadas nas actividades que se foron facendo ao longo do curso.

BACHARELATO

1º DE BACHARELATO. HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

Como é habitual neste centro, os grupos de 1º de Bacharelato da quenda de diúrno presentan unha dificultade inicial porque contan cun alumnado moi heteroxéneo: máis dun 50% dos alumnos son de admisión externa e proceden dunha decena de centros e acceden ao instituto con hábitos moi diversos.

Na quenda de adultos o principal obstáculo é o absentismo de parte do alumnado e o seu baixo nivel, polo que, aínda que se parte dos mesmos contidos se traballaron de forma máis básica, pero mantendo a mesma temporalización.

- **1ª avaliación.** A asistencia de case a metade do alumnado ao programa de inmersión linguística organizado polo concello de Vigo durante tres semanas de esta avaliación obrigou a un esforzo aos alumnos asistentes, así como ao profesorado á adecuación da metodoloxía a esta circunstancia.
- **2ª avaliación.** Avanzouse ata o tema 9 seguindo o establecido na programación.
- **3ª avaliación.** Dedicouse aos temas 10-15. O tema 16, O mundo actual, foi obxecto de debates na aula e presentación de temas por parte do alumnado. Completouse así a programación.
- **Avaliación Extraordinaria.** Realizáronse actividades de reforzo-recuperación baseadas nas actividades que se foron facendo ao longo do curso.

2º DE BACHARELATO

HISTORIA DE ESPAÑA

Neste nivel cumpríronse os obxectivos propostos na programación, tanto na quenda de diúrno como na de adultos.

- **1ª avaliación.** Incluíu os bloques 1-6. Nos catro primeiros bloques traballáronse as 17 cuestións marcadas pola CIUG (ata o século XVIII, inclusive) e as definicións correspondentes a esa parte. No caso dos bloques 5-6, que abranguen a meirande parte do século XIX, fíxose especial fincapé en que os alumnos adquiriran a técnica de realización dunha composición sobre un tema da Historia de España a partir dunha serie de documentos dados, técnica que forma parte esencial da proba da ABAU. En adultos non se completou o século XIX.
- **2ª avaliación.** Completáronse os bloques 7-9, segundo o programado, aínda que no segundo exame non se puido incluír a ditadura de Primo de Rivera, que se avaliou xunto co tema 10 na primeira proba da 3ª avaliación.
- **3ª avaliación.** Dedicouse aos bloques 11 e 12, completando así o temario
- **Avaliación Ordinaria.** As sesións de preparación da ABAU dedicáronse especialmente a traballar as composicións do século XX.

XEOGRAFÍA

Tamén nesta materia a marcha dos grupos de diúrno e adultos foi similar.

- **1ª avaliación.** Traballáronse catro primeiros temas da programación ata o tema 6. En adultos o ritmo, debido as características especiais do alumnado foi un pouco máis lento tratando só ata o bloque 4.

- **2ª avaliación.** Nos grupos de diúrno dedicouse aos temas 5-6 tal e como estaba programado seguindo as indicacións da CIUG en canto a bloques teóricos e exercicios prácticos. En adultos traballouse os bloques 5: Espaisaxes naturais, bloque 7: O espazo rural e as actividades do Sector Primario, bloque 11: Formas de organización territorial e o bloque 12: España en Europa e no mundo. Espazo urbano e formas de organización territorial.
- **3ª avaliación.** Completouse o temario.
- **Avaliación Ordinara.** As sesións de preparación da ABAU dedicáronse a repasar teoría e aos exercicios prácticos.

HISTORIA DA ARTE

Como é habitual, a lonxitude do temario e a escasa experiencia dos alumnos en temas de Arte obriga a centrarse nos aspectos esenciais de cada período, analizado a través das obras indicadas pola CIUG.

- **1ª avaliación.** Traballáronse os temas do bloque 1 e gran parte do 2, insistindo tanto na utilización do vocabulario específico da materia como na técnica de comentario dunha obra de Arte analizada dentro do seu contexto. O complemento indispensable foi a Aula Virtual. En adultos o ritmo, debido as características especiais do alumnado foi un pouco máis lento tratando só os temas de Grecia e Roma, Bizancio, Islam e Arte Prerrománica.
- **2ª avaliación.** Traballouse a arte do Renacemento e Barroco.
- **3ª avaliación.** Completouse o temario agás na quenda de adultos que non se desenvolveu o tema das vangardas.
- **Avaliación Ordinaria.** As sesións de preparación da ABAU dedicáronse a repasar os exercicios prácticos.

QUENDA DE ADULTOS

ESA III e IV

Como é habitual nestes cursos, intentáronse reducir ao máximo os contidos, para intentar completar os temas previstos na programación, aínda que non sempre foi posible.

ESA III do 1º cuadrimestre: O temario foi impartido dacordo á periodización, sen retrasos e facéndose un exame por cadanseu bloque temático, así coma un traballo do último destes bloques.

ESA III do 2º cuadrimestre: Impartiuse todo o temario, seguindo a secuenciación prevista na programación didáctica.

ESA IV do 1º cuadrimestre: traballáronse todos os temas do currículo. A parte de economía foi tratada a través de debates, vídeos e traballos grupais.

ESA IV do 2º cuadrimestre: Impartiuse todo o temario, seguindo a secuenciación prevista na programación didáctica agás a parte de economía que non deu tempo a ser tratada, xa que tiñamos case 1 mes menos de clase que no anterior cuadrimestre.

4. RESULTADOS POR CURSOS E MATERIAS

1º ESO						
	1º A		1º B		1º C	
	Total	Aprob.	Total	Aprob.	Total	Aprob.
1ª Avaliación	30	21	31	21	31	31
2ª Avaliación	30	18	31	28	31	27
3ª Avaliación	30	20	31	31	30	30
Av. Final	30	26	31	31	30	30

O grupos de **1º de ESO** son bastante heteroxéneos.

- **1º A.** É un curso moi heteroxéneo: presenta 4 adaptacións curriculares (a comezos de curso eran 5 pero un alumno se deu de baixa), un precisa reforzo educativo: 1 (probablemente se engadan dous ou tres alumnos máis na segunda avaliación. I mos a coordinarnos coa PT), un presenta TEA: 1 (probablemente outro máis sen diagnosticar), 2 teñen TDAH, 2 alumnos con problemas de saúde grave (un ten reforzo educativo), 3 con problemas no entorno socio-familiares 3 alumnos con altas capacidades.
- **1º B.** Hai dous alumnos con TEA: 2. Nun caso con altas capacidades e noutro repetidor, un alumno con TDAH e 3 con altas capacidades. O grupo é tamén a titoría da profesoras. Problemas de conducta e enfrontamentos que veñen de primaria. Intentando reconducir as condutas coa axuda do profesorado e a Xefatura de estudos.
- **1º C.** Bo grupo a nivel académico e de comportamento, tiveron moi boa actitude cara a materia. Na hora semanal na aula de informática acadaron alto rendemento, elaboraron traballos usando as TICs. Hai 3 alumnos con altas capacidades e 4 que presentan dificultades.

2º ESO						
	2º A		2º B		2º C	
	Total	Aprob.	Total	Aprob.	Total	Aprob.
1ª Avaluación	29	18	31	18	31	29
2ª Avaluación	29	16	31	16	31	28
3ª Avaluación	28	24	29	19	31	31
Av. Final	28	23	29	21	31	31

En **2º de ESO** os grupos eran bastante dispares:

- **2º A.** Este grupo non presentaba grandes dificultades, aínda que destacan 3 rapaces polo seu absentismo constante.
- **2º B.** Grupo moi disperso e falador o que fixo moi complicado avanzar na materia ao ritmo desexado. Catro alumnos tiñan a materia de Xeografía e Historia pendentes de 1º da ESO.
- **2º C.** Grupo moi numeroso onde se presentáron problemas.

3º ESO						
	3º A		3º B		3º C	
	Total	Aprob.	Total	Aprob.	Total	Aprob.
1ª Avaluación	27	17	27	9	29	24
2ª Avaluación	27	25	27	21	29	25
3ª Avaluación	28	26	26	23	29	28
Av. Final	28	26	26	23	29	28

3º de ESO sempre é un nivel difícil, onde coincide un certo número de alumnos que xa repetiron 1º ou 2º ou están a repetir 3º aínda este curso non se presentaron grandes dificultades académica.

- **3º A.** Grupo que non tivo grandes dificultades.
- **3º B.** Grupo que non tivo grandes dificultades, aínda que 3 alumnos tiñan a materia de Xeografía e Historia pendente de 2º e unha tamén a de 1º da ESO.
- **3º C.** Grupo que non tivo grandes dificultades.

4º ESO						
	4º A		4º B		4º C	
	Total	Aprob.	Total	Aprob.	Total	Aprob.
1ª Avaluación	23	22	22	18	29	18
2ª Avaluación	23	22	22	21	29	15
3ª Avaluación	23	22	22	19	29	17
Av. Final	23	23	22	20	29	18

En **4º de ESO** a heteroxeneidade entre os grupos pode explicarse en parte pola diferenza de optativas entre eles.

- **4º A.** O curso non presentou dificultades e o alumnado acadou (nalgúns casos de forma moi satisfactoria) todos os obxectivos. Unha alumna ten pendente a Xeografía e Historia de 3º da ESO.
- **4º B.** O grupo non presenta ningunha característica salientable
- **4º C.** A priori é o grupo máis complicado, con maior número de alumnos, 5 repetidores (incluíndo a Daniil, o alumno ruso que comezou no instituto o pasado curso e que non avanzou demasiado no dominio do idioma; gran parte da clase é impartida en castelán, e aínda así non a é capaz de seguila. Tamén inflúe a actitude que ten). Hai varios alumnos que pasaron curso con varias pendentes ou por imperativo legal, polo que o rendemento é moi baixo. 4 alumnos teñen pendente a xeografía e Historia de 3ª da ESO.

1º Bacharelato								
	1º C		1º D		1º E		1º F (Adultos)	
	Total	Aprob.	Total	Aprob.	Total	Aprob.	Total	Aprob.
1ª Av.	13	8	24	20	27	24	13	5
2ª Av.	13	12	24	19	27	23	12	5
Av. Ord.	13	13	24	22	27	25	12	5
Av. Ext.	0	-	2	0	3	0	7	0

Nos grupos 1º C, D e E non houbo problemas significativos desenvolvéndose a materia con total normalidade, aínda que en 1º D hai dos alumnos con NEE que se adaptaron sen dificultade, apesar de que un deles necesita máis tempo para realizar as probas escritas. Na quenda de adultos só unha parte do alumnado asistiu regularmente a clase e se presentou aos exames.

2º Bacharelato. Historia de España (Diurno)										
	2º A		2º B		2º C		2º D		2º E	
	Total	Aprob.	Total	Aprob.	Total	Aprob.	Total	Aprob.	Total	Aprob.
1ª Av.	22	14	16	12	19	9	21	19	14	12
2ª Av.	22	14	16	15	19	10	21	19	14	7
Av.Ord.	22	17	16	16	18	11	20	19	14	13
Av. Ext.	5	3	0	-	7	3	1	0	1	1

No grupo **2º D** un alumno na segunda avaliación decidiu continuar seus estudos por nocturno polas dificultades persoais que estaba pasando e por os escasos resultados académicos. En **2º C** e **2º E** non houbo elementos reseñables que dificultasen o desenvolvemento da materia.

2º Bacharelato. Historia de España (Adultos)				
	2º F		2º G/H	
	Total	Aprob.	Total	Aprob.
1ª Avaliación	17	5	40	9
2ª Avaliación	15	8	40	21
Av. Ordinaria	15	10	39	22
Av. Extraordinaria	5	0	17	1

Compre destacar as dificultades na quenda de adultos con respecto a Hª de España, o temario denso, a necesidade de preparar ao alumnado para ABAU, o horario de 45 minutos por clase, especialmente en **2º G/H** por ser un gupo numerosísimo con 40 alumnos.

2º Bacharelato. Xeografía						
	2º C		2º D-E		2º G (Adultos)	
	Total	Aprob.	Total	Aprob.	Total	Aprob.
1ª Avaliación	19	15	13	9	6	2
2ª Avaliación	18	15	13	6	6	3
Av. Ordinaria	18	18	13	13	6	2
Av. Extraordinaria	0	-	0	-	4	1

2º Bacharelato. Historia da Arte						
	2º D		2º E		2º H (Adultos)	
	Total	Aprob.	Total	Aprob.	Total	Aprob.
1ª Avaliación	11	11	14	14	12	7
2ª Avaliación	11	10	14	14	12	6
Av. Ordinaria	10	10	14	14	12	6
Av. Extraordinaria	1	1	0	-	5	1

Compre destacar os bos resultados acadados polos nosos alumnos nas probas da ABAU.

ESA

ESA 1º cuadrimestre			
ESA III		ESA IV	
Total	Aprobados	Total	Aprobados
12	7	13	8

1º cuadrimestre:

Na **ESA III** dos alumnos que había matriculados en este nivel a asistencia foi moi irregular o que non lles permitiu facer un bo seguimento da materia. O alumnado asistente amosouse participativo, mantendo un rol activo durante as sesións. Puidemos advertir un baixo nivel de partida no referido a coñecementos históricos e capacidade de expresión tanto oral coma escrita; malia todo, apreciamos una clara melloría dos estudantes. Compre referir que dos 5 alumnos suspensos, 3 deles nunca se presentaron a ningún exame nin tampouco asistiron ás sesións; dos 2 restantes, viñan en contadas ocasións, cesando na asistencia dende decembro. En todos os anteditos casos foi imposible contactar co alumnado (vía mail ou telefónica). Así mesmo, ningún deles asistiu á recuperación.

En **ESA IV** Trátase dun grupo heteroxéneo, con distintas capacidades, nacionalidades e idades (de 18 a 36 anos) que se mostrou implicado e con interese ao longo do cuadrimestre agás excepcións. Dos 5 alumnos que non superaron a materia 2 non asistiron nunca a clase e outro veu esporádicamente tan só os primeiros meses de clase. En canto aos que viñan habitualmente e non superaron a materia un é por falta de estudo, outro por falta de comprensión da propia lingua (xa que é senegales) e tamén por falta de estudo. Ao longo do curso compaxinamos temario con actividades relacionadas: exercicios, exposicións orais, traballos de investigación, comentarios de texto ou xogos tipo test de resumo de unidades.

ESA 2º cuatrimestre			
ESA III		ESA IV	
Total	Aprobados	Total	Aprobados
3	1	15	8

2º cuatrimestre:

A asistencia dos alumnos da **ESA III** no segundo cuatrimestre foi inconstante con faltas frecuentes en algúns alumnos e escasa participación, dificultando a calidade da ensinanza. **ESA IV** Trátase dun grupo heteroxéneo, con distintas capacidades, nacionalidades e idades (de 18 a 50 anos) que se mostrou implicado e con interese ao longo do cuatrimestre agás excepcións. Dos 7 alumnos que non superaron a materia 6 non asistiron case nunca a clase e un viña unha vez por semana. En canto aos que viñan habitualmente a clase todos lograron aprobar. Ao longo do curso compaxinamos temario con actividades relacionadas: exercicios, exposicións orais, traballos de investigación, comentarios de texto ou xogos tipo test de resumo de unidades. Tivemos menos tempo neste cuatrimestre, polo que viuse reflectido no temario, non pudiendo abranguer a parte de economía, nin algún tema de historia.

5. ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

Segundo o programado, os alumnos con materias pendentes de cursos pasados recibiron un seguimento ao longo de todo o curso. Tiñan a súa disposición un curso na Aula Virtual para proporcionarlles información sobre a forma de recuperar a materia e os prazos de entrega das tarefas de recuperación.

A materia de cada curso foi dividida en tres bloques que sería obxecto de tres exames parciais; de cada bloque recibiron unha serie de actividades que debían ser entregadas con anterioridade ao exame para ser corrixidas e devoltas, de forma que lles axudaran a preparar a proba. A cualificación da materia foi a media entre a nota das tarefas e a do exame. Cada profesora realizou probas escritas ou actividades específicas de recuperación da parte suspensa. O calendario foi o seguinte:

	ENTREGA ACTIVIDADES	EXAME
1ª Avaluación	2 de novembro	Entre o 9 e 11 de novembro
2ª Avaluación	23 de xaneiro	Na 1ª semana de febreiro
3ª Avaluación	14 de abril	Semana do 24 ao 28 de abril
Final de xuño: Despois do remate da 3ª avaluación.		

Hai que sinalar que aos alumnos que tiñan materias pendentes do curso anterior, aplicáronseles todas as medidas de excepcionalidade previstas pola lei, tiñan un perfil similar: alumnos que xa repetiran curso e promocionaron por imperativo legal con varias materias suspensas. O seu rendemento xeral no curso actual foi baixo e amosaron pouco interese pola superación das pendentes a pesar das facilidades que se lles deron.

- **2º de ESO.** Había 4 alumnos de 2º tiñan suspensa a materia de Xeografía e Historia de 1º
- **3º de ESO.** Había 2 alumnos con materias pendentes de 2º e unha de elas ca materia de 1º e 2º da ESO.
- **4º de ESO.** Había 5 alumnos ca Xeografía e Historia pendente de 3º.
- **Historia do Mundo Contemporáneo de 1º de BAC.** Non había alumnado con esta materia pendente.

Os resultados finais por curso e materia foron os seguintes:

CURSO	TOTAL	APROBADOS	SUSPENSOS
1º ESO	5	1	4
2º ESO	2	0	2
3º ESO	5	2	3

6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Este curso o departamento intentou ampliar a labor docente a través das actividades, o resultado foi valorado positivamente esperando seguir nesta liña o próximo curso dados os bos resultados conseguidos.

En primeiro da ESO desenvóléronse:

- Obradoiros de útiles prehistóricos
- Dieta paleolítica e neolítica
- Os deuses exipcios e o proceso de momificación (e colaboración con a “Semana da Ciencia” desenvolvido por diferentes departamentos.
 - Charla sobre Mitoloxía Grega e Romana.
 - Visita a Vila Romana do Toralla, con actividades previas de “paleotraining”.
 - Obra de teatro escrita e dirixida por un grupo de alumnado sobre a historia de Medusa. Estreada no Paraninfo do instituto.

En segundo da ESO desenvóléronse:

- Realización dun eixe cronolóxico en formato dixital
- Realización de esquemas co formato Visual Thinking cos temas do feudalismo e Arte románico e Gótico
- Realización de vidieiras
- "Irenealista" Realización de presentación sobre un castelo co formato da inmobiliaria Idealista.
- Realización dun video noticiero sobre a Reconquista.
- Saída: “Camiño de Santiago” realizouse o percorrido de Arcade a Pontevedra, con actividades de estudo dos fitos de carácter histórico e visita guiada a cidade de Pontevedra.

En terceiro da ESO desenvóléronse:

- Xeografía do mundial. realización dunha presentación sobre a organización política dos países que participan no mundial do Qatar.
- Vidrieiras: Realización de vidrieiras de papel e papel celofán.
- Mapa mental: Realización de mapas mentais cos tres temas dos sectores económicos.
- Realización dun video noticiero sobre a Revolución Francesa. Este aínda non comecei.

En Historia do Mundo Contemporáneo en primeiro de Bacharelato desenvóléronse:

- Investigación sobre a “Historia do Tranvía de Vigo” presentado polos alumnos en diferentes formatos (vídeos, audios, presentacións gráficas, xornais, maquetas...)
- Elaboración dun “Kahoot” co tema da UE (Unión Europea)

En Historia da Arte de Segundo de Bacharelato:

- Saída a Santiago de Compostela e visita aos lugares de interés artístico. En esta actividade están incluídos o curso de adultos.
- Visita a Vila Romana de Toralla (adultos).
- Visita ao Marco (adultos).
- Visita ao Museo Provincial de Pontevedra e percorrido guiado pola cidade (adultos).
- Obradoiro de mitoloxía impartido fora do horario lectivo para todo o instituto polo profesor en prácticas Rubén López Verísimo.

7. PLAN LECTOR

O departamento estableceu un libro de lectura obrigatoria ou recomendados indicando avaliación e nivel para o alumnado da ESO e Bacharelato, así como libros recomendados como actividades de ampliación. En segundo de Bacharelato traballaránse textos históricos de Historia de España adaptados aos conceptos programados pola CIUG.

Departamento de Xeografía e Historia.	Plan de lectura. Curso 2022- 2023
1º ESO	<p>Lecturas obrigatorias:</p> <ul style="list-style-type: none"> •“El Clan.” Primera parte: Peter Dilkinson Editorial Salamandra. •“La Maldición de Ra”. Naguib Mahfuz.EDHASA •“Los secretos del Vesubio”. Caroline Lawrence.SALAMANDRA <p>Lecturas recomendadas:</p> <ul style="list-style-type: none"> •“El fósil perdido”. Peter Dilkinson Editorial Salamandra •“El secreto de la diosa”. Lorenzo Mediano. DEBOLSILLO. ISBN: 9788425337697.Editor: Grijalbo. •“El bisonte mágico.” Carlos Villanes. Editorial Planeta lector. Colección Espasa Juvenil. •“Ladrones en el foro”. Caroline Lawrence.EDHASA – 9788435062442 •Revistas <i>National Geographic</i> para realizar traballos sobre os Obxectivos de desenvolvemento sostible. •Libros e comics sobre mitoloxía, imos a realizar actividades en historia antiga os mitos greco-romanos (o alumnado ten como lectura obrigatoria en Lingua Castelá un libro sobre mitoloxía)
2º ESO	<p>Lectura recomendada :</p> <ul style="list-style-type: none"> •“Por qué los primeros emojis se escribían en arcilla y otros porqués de la Historia” de José Antonio Lucero. •“La historia en apuros” de Nieves Concostrina •“Peregrina a compostela en la Edad Media” de Chema_Roman, Jaime Nuño González Editorial: Fundación Santa María la Real Centro de Estudios del Románico, 2016
3º ESO	<p>Lectura obrigatoria para traballar no 2º e 3º trimestre</p> <ul style="list-style-type: none"> •“La vuelta al mundo de un forro polar rojo”. Wolfgang Korn. Editorial Siruela •“La vuelta al mundo de unas zapatillas de deporte”. Wolfgang Korn Ed. Siruela •“Emigrantes”.Shaun Tan . Barbara Fiore editora •“Política para principiantes”. VV.AA.USBORNE PUBLISHIN

4º ESO	<p>Lectura obrigatoria 3º trimestre. Escoller un libro entre:</p> <p>Novela:</p> <ul style="list-style-type: none"> •“<i>Tristes armas</i>”. Marina Mayoral. Ed. Anaya. 2001 (edición en castellano). Ed. Xerais. Fóra de Xogo. 2008 ou 2015 (edición en galego) •“<i>Bajo la fría luz de octubre</i>”. Eloy Miguel Cebrián Burgos. 2003.Ed. Alfaguara. •“<i>Memoria do silencio</i>”. Eva Mejuto. Ed. Xerais. 2019. •“<i>Un largo silencio</i>”. Ángeles Caso. Ed. Planeta. 2002. <p>Novela gráfica:</p> <ul style="list-style-type: none"> •“<i>Los surcos del azar</i>”. Paco Roca. Astiberri Ediciones. 2013. Edición ampliada de 2019 <p>Relatos:</p> <ul style="list-style-type: none"> •“<i>A sangre y fuego</i>”. Manuel Chaves Nogales. Libros del Asteroide. Reedición de 2013
1º Bacharelato	<p>Lectura reconendada:</p> <ul style="list-style-type: none"> •“<i>A granxa dos animais</i>” de G. Orwel. Editorial Faktoría K de libros. <p>(Versión en castelán: “Rebelión en la granja”)</p> <p>Asemade na materia de Historia do Mundo Contemporáneo se traballan textos, documentos, artigos de revistas e xornais.</p>
2º Bacharelato	<p>Neste curso non se vai poñer libro de lectura obrigatorio no propio curriculum da materia de Historia de España se traballan textos, documentos, artigos de revistas e xornais.</p>